



Partido Nacionalista Galego
Partido Galeguista.

Nota informativa

Liberais ibéricos acordan crear o “Fórum Liberal Ibérico”

Durante un encontro en Salamanca de organizacións liberais ibéricas, os días 27 e 28 de xuño, organizado polo Movemento Liberal Social (MLS) de Portugal e o Partido de la Libertad Individual (P-Lib) do Estado español, os representantes das diversas organizacións asistentes, entre as que se atopa o PNG-PG, acordaron a creación dunha rede aberta a todos os partidos ibéricos liberais, fundacións, organizacións políticas e individuos que compartan os valores liberais comun expresados nos Manifestos Liberais de Oxford de 1947 y 1997.

A rede, que se chamará “Fórum Liberal Ibérico”, conta co apoio da Internacional Liberal e do Partido Liberal Demócrata Europeo (ELDR Party) e terá como obxectivos a promoción del liberalismo nos territorios ibéricos, a través do intercambio de ideas e a organización de actividades diversas, incluído un encontro anual, o primeiro dos cales terá lugar no ano 2011 en Lisboa e o segundo en Galiza.

Para acceder a máis información e imaxes, consultar a web www.png-pg.org ou o noso facebook: <http://www.facebook.com/group.php?gid=54030808211>